

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA			
CÓDIGO	-		
MATERIA	Deseño de escenografía		
DISCIPLINA	Espazo escénico I		
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática		
ESPECIALIDADE	Escenografía		
ITINERARIO	-		
CURSO	1º	CUADRIMESTRE	1º
CRÉDITOS ECTS	5		
CARÁCTER	Obrigatoria		
DEPARTAMENTO	Escenografía		
CENTRO	ESAD de Galicia		
COORDINADOR/A	David Mortol Moreno		
DOCENTES	<b>Nome e apelidos:</b> David Mortol Moreno <b>Horario titorías:</b> <a href="http://www.esadgalicia.com">www.esadgalicia.com</a> <b>Despacho:</b> Secretaría <b>Contacto:</b> davidmortol@edu.xunta.es		
DESCRICIÓN	Coñecemento e afondamento nos principios da teoría da percepción. Comprensión dos procesos perceptivos: forma e significado. Desenvolvemento da capacidade de observación e comparación dos elementos visuais. Principios de composición.		
COÑECEMENTOS PREVIOS	-		
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input type="checkbox"/> Castelán X    Inglés <input type="checkbox"/>		
2. COMPETENCIAS			
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN			
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.		
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.		
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.		
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN			
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.		
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.		
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.		
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE			
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.		
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.		
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1. Aprender e profundar nos aspectos espaciais básicos para poder levar a cabo composicións bidimensionais complexas.		T2, X1, X5, EE2, EE5	
2. Establecer as bases perceptivas e compositivas nas relacións dos diversos elementos que interveñen nunha composición tridimensional.		T2, X1, X5, EE2, EE5	
3. Saber interpretar, traducir e expresar sensacións e emocións a través dunha linguaxe plástica propia.		T2, T8, X1, X5, EE2, EE5	
4. Saber expresar e comunicar calquera proposta persoal a través dos bosquejos de atmosfera.		T2, T7, T8, X1, X3, EE2, EE5	
5. Distinguir os distintos elementos escénicos, usos e terminoloxía, que conforman a caixa escénica.		T2, T8, X1, X5, EE2, EE5	
6. Demostrar sensibilidade estética, creativa e técnica na concepción e		T2, T7, T8, X1, X3, EE2, EE5	

realización dos exercicios propostos.			
7. Establecer un proceso de traballo creativo, eficaz e personalizado que potencie as capacidades e os recursos de cada alumno/a, motivándoos en todo momento.	T7, X1, X3		
8. Saber expresar, xustificar e defender, a través da exposición oral, calquera idea, proxecto ou proceso de traballo, dun xeito convincente e rigoroso.	T2, T7, T8, X1, X3, X5, EE5		
9. Coñecer a evolución histórica do oficio de escenógrafo, así como as competencias básicas que debe manexar como profesional que está dentro dunha produción profesional.	T2, T8, X1, X5, EE2, EE5		
<b>4. CONTIDOS</b>			
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>	
<b>1. Introducción á escenografía</b>	1.1. Breve repaso á Historia da escenografía. 1.2. A profesión do/a escenógrafo/a dentro do ámbito escénico: - Competencias esenciais que debe coñecer e desenvolver. - Estrutura e procesos de traballo dentro dunha produción teatral. - Relación profesional co resto do equipo artístico e técnico. 1.3. Outros ámbitos profesionais non teatrais.	2	
<b>2. Creadores/as de espazos escénicos I</b>	2.1. Análise de diversos proxectos multidisciplinais de creadores/as que traballan co espazo como elemento esencial dentro da súa produción.	4	
<b>3. A caixa escénica</b>	3.1. Nomes e funcións das zonas de traballo e dos principais elementos que configuran a caixa escénica. 3.2. Configuración de espazos escénicos: condicionantes arquitectónicos e de deseño. Planos técnicos. 3.3. Análise de visuais: O punto de vista do espectador.	6	
<b>4. Composición espacial</b>	4.1. Introducción á composición bidimensional no espazo. 4.2. Elementos estruturais e outros aspectos que participan na composición. 4.3. Relacións visuais entre os diferentes elementos compositivos.	12	
<b>5. A tridimensionalidade</b>	5.1. Habilidades espaciais individuais: Imaxes mentais e creación de espazos tridimensionais. 5.2. O volume no espazo: Percepción e composición. Organización e utilización do espazo visual.	14	
<b>6. Cor</b>	6.1. A cor e as emocións: Expresividade individual, interpretación e percepción das cores. Psicoloxía das cores. 6.2. A configuración do espazo a través da cor.	12	
<b>7. Corpo e espazo</b>	7.1. Percepción e uso do espazo. O espazo habitado. 7.2. A interacción do corpo co espazo. 7.3. Transformacións do espazo.	14	
<b>8. Maquetismo I</b>	8.1. Tipoloxía das maquetas: usos e outras funcións. 8.2. Construción e acabados: Materiais, técnicas e ferramentas. 8.3. Escalas, planos e medidas.	10	
<b>9. Bosquexos de atmosfera I</b>	9.1. Funcións e obxectivos. 9.2. Tipos e técnicas. 9.3. Soportes e presentacións.	16	
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>90</b>	
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
<b>Actividade / Número de horas</b>	<b>Presencial (horas)</b>	<b>Non presencial (horas)</b>	<b>Total</b>
Actividades introdutorias	6	0	6
Exposición práctico-teórica	10	14	24
Traballos de aula	16	0	16

Prácticas de aula	15	15	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	10	20
Presentacións/exposicións	2	2	4
Tutorías individuais	0	8	8
Tutorías de grupo	0	2	2
Actividades de avaliación. Probas	9	3	12
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	6	4	10
Actividades de avaliación. Revisión	8	10	18
<b>TOTAL</b>	<b>82</b>	<b>68</b>	<b>150</b>

## 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación xeral da materia: obxectivos, metodoloxía, criterios de avaliación, etc.
Exposición práctico-teórica	Explicación teórica para o desenvolvemento posterior dun proxecto de carácter práctico.
Traballos de aula	O/a estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Prácticas de aula	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante o traballo con todo tipo de variables que permitan considerar diferentes posibilidades de resolución do problema ou do exercicio.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes sobre un tema da materia ou sobre os resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

## 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Tutorías individuais	Sesións onde o docente e o alumnado revisan e aclaran as dúbidas concretas sobre os contidos relacionados co desenvolvemento da materia.
Tutorías de grupo	Tutorías enfocadas a aclarar as dúbidas relacionadas coas prácticas colectivas.
Tutoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Tutoría non presencial	O alumnado pode realizar un seguimento da materia a través da plataforma de teledocencia e/ou do correo electrónico.

## 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

### 8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<b>Proxecto</b> espacial final.	T1, T2, T3, T8, X1, X3, X5, X6, EE2, EE5	35%
Desenvolvemento, presentación e exposición dos <b>exercicios</b> realizados ao longo do curso. Para aprobar a materia deberán realizarse e entregarse todos eles no prazo e da maneira establecidos. Ademais, deberán obter una nota de 3 ou máis para poder facer a media entre eles.	T2, T7, T8, X1, X3, X5, EE2, EE5	50%

<b>Exame</b> teórico-práctico.	T2,T7,T8,X1,X3,X5,EE2,EE5	10%
Participación, <b>actitude</b> na aula, asistencia e puntualidade. O 10% de falta de asistencia supón a perda da avaliación continua.	T7,X3,X5	5%
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
<b>Proxecto</b> espacial final.	T1, T2, T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	35%
<b>Exame</b> teórico-práctico.	T2,T8,X1,X3,EE2,EE5	15%
O día do exame, o alumnado terá que presentar e entregar todos os <b>exercicios</b> relacionados co temario visto ao longo do curso. O alumnado será informado dos contidos destas probas coa suficiente antelación. É obrigatorio o seguimento parcial, en horario de titorías, de todos os procesos desenvolto polo alumnado.	T2,T7,T8,X1,X3,X5,EE2,EE5	50%
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
<b>Proxecto</b> espacial final.	T1, T2, T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	35%
<b>Exame</b> teórico-práctico.	T2,T8,X1,X3,EE2,EE5	15%
O día do exame, o alumnado terá que presentar e entregar todos os <b>exercicios</b> relacionados co temario visto ao longo do curso. O alumnado será informado dos contidos destas probas coa suficiente antelación. É obrigatorio o seguimento parcial, en horario de titorías, de todos os procesos desenvolto polo alumnado.	T2,T7,T8,X1,X3,X5,EE2,EE5	50%
<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		
<p>Referencias básicas</p> <p>BACHELARD, Gaston. <i>La poética del espacio</i>. Ed. Fondo de Cultura Económica, París (1994).</p> <p>BREYER, Gastón. <i>La escena presente</i>. Ediciones Infinito. Buenos Aires (2008).</p> <p>BROOK, Peter. <i>El espacio vacío, Arte y técnica del Teatro</i>. Ed. Península, Barcelona (2001).</p> <p>DONDIS, Donis A. <i>La sintaxis de la imagen</i>. Ed. Gustavo Gili, Barcelona (2008).</p> <p>GORDON CRAIG, Edward. <i>El arte del teatro</i>. Ed. Gaceta [Colección Escenología], México (1987).</p>		

HOWARD, Pamela. *Escenografía*.  
Ed. Galaxia, Vigo (2004).

LÓPEZ DE GUEREÑU, Javier. *Decorados y tramoya*.  
Ñaque Editora, Ciudad Real (1998).

MACGOWAN, Kenneth y MELNITZ, William. *Las edades de oro del teatro*.  
Ed. Fondo de Cultura Económica, México (1964).

MACKINTOSH, Iain. *La arquitectura, el actor y el público*.  
Ed. Arco/Libros, Madrid (2000).

MUNARI, Bruno. *Diseño y comunicación visual*.  
Ed. Gustavo Gili, Barcelona (2008).

NIEVA, Francisco. *Tratado de escenografía*.  
Ed. Fundamentos, Madrid (2000).

OLIVA, César y TORRES MONREAL, Francisco. *Historia básica del Arte Escénico*.  
Ed. Cátedra, Madrid (1990).

VV.AA. *Investigaciones sobre el espacio escénico*.  
Ed. Alberto Corazón [Comunicación 4], Madrid (1970).

DETERICH, Genoveva. *Diccionario del Teatro*.  
Alianza Editorial, Madrid (1995).

PAVIS, Patrice. *Diccionario del teatro*.  
Ed. Paidós. Barcelona (1998).

#### Referencias complementarias

MAC GOWAN, K & MEITNIZ (1966).  
La escena viviente. Historia del teatro universal.  
Eudeba, Buenos Aires.

EISENSTEIN, S. M. (2001)  
Hacia una teoría del montaje.  
Paidós, Ibérica. Barcelona.

BONT, D. (1981)  
Escenotécnicas en teatro, cine y tv. L.E.D.A.  
Ediciones de arte Riera San Miguel. Barcelona.

ARGAN, G. C. (1977)  
El revival en las artes plásticas, la arquitectura, el cine y el teatro.  
Ed. Gustavo Gili. Barcelona.

#### 10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- Prégase revisar a redacción e as faltas de ortografía nas memorias e probas escritas, xa que poden baixar a nota final en caso de exceso de faltas ou de escritos pouco lexibles.

#### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

- Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia

dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala. Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<b>Proxecto</b> espacial final. Entrega do material a través da aula virtual, correo electrónico ou plataforma específica para a teledocencia.	T1,T2,T3,T8,X1,X3,X5,X6,EE2,EE5	35%
Desenvolvemento, presentación e exposición dos <b>exercicios</b> realizados ao longo do curso a través da plataforma dixital específica para a teledocencia. O envío dos materias farase a través da aula virtual ou do correo electrónico. Para aprobar a materia deberán realizarse e entregarse todos eles no prazo e da maneira establecidos. Ademais, deberán obter unha nota de 3 ou máis para poder facer a media entre eles.	T2,T7,T8,X1,X3,X5,EE2,EE5	50%
<b>Exame</b> teórico-práctico a través da plataforma dixital específica para a teledocencia. O envío dos materias farase a través da aula virtual ou do correo electrónico.	T2,T8,X1,X3,EE2,EE5	15%

- No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.
- **AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**